

«A miña última novela marca certa madurez, evolución»

[Yolanda García](#) RIBADEO / LA VOZ [A MARIÑA](#)

27 dec 2011.

Literalmente, a escritora Eva Moreda Rodríguez (A Veiga-Vegadeo, 1981) volta á súa casa ribadense polo Nadal. Faino para estar cos seus nestas datas xa que a súa vida profesional está actualmente en Londres. Aproveita a ocasión para manter un encontro cos seus paisanos, de escritora a lector, e presentar *A Veiga é como un tempo distinto*, libro do que é autora e co que acadou o premio Terra de Melide no 2010. O acto, organizado pola Asociación Cultural Francisco Lanza, ten lugar hoxe en Ribadeo (**20.30 horas, Casa das Letras**). En Londres dá clase de historia da música na Open University, «como a UNED en España», explica.

-Está integrada en Londres?, son diferentes os londinenses aos galegos e en que?, ten morriña da súa terra?

-Si, levo xa alí cinco anos. Creo que hai bastantes diferenzas, sobre todo na mentalidade, as cousas importantes para a sociedade alí son distintas das importantes aquí, que son a familia, as apariencias... ¿Se sinto morriña? Normalmente estou ben, integrada, pero ás veces cando tes problemas coa mentalidade dalí botas de menos estar no sitio onde aprendiches os valores da vida.

-Naceu na Veiga e emigrou. «A Veiga é como un tempo distinto» é unha novela sobre emigración. Aínda que non sexa autobiográfica...

-Non é autobiográfica pero hai varios detalles da miña vida, a parte de Londres e a da Veiga, en forma de *flashbacks*.

-Como está sendo a resposta dos lectores ante esta novela?

-Bastante boa. En xeral tivo críticas boas. Tamén estou moito en redes sociais, Facebook e Twitter, e xente que, sen coñecerte de nada, me escribiu para dicir que lles gustara...

-En canto aos libros que xa ten editado é...

-O sexto. Tampouco é que marque un cambio de sentido, ou un xiro de 180 graos pero retoma temas que tratara, como o da emigración. Houbo xente que mo comentou, e penso o mesmo, que marca unha certa madurez, evolución respecto a obras anteriores; a técnica literaria está máis traballada, a forma de traballar os temas.

-Edita esta última novela Xerais. ¿É a primeira que publica con esta editorial?

-A primeira si. Aínda que xa estivera nunha antoloxía de mulleres narradoras de Xerais. A maioría das anteriores editáronse por gañar premios.